

RUTAS AO AIRE LIBRE

Fervenza do Belelle-Neda

21 de marzo de 2026



DATA: sábado 21 marzo 2026

HORARIO:

● **Quenda de mañá:** hora de inicio 10:00 h
Hora prevista de finalización 14:00 h

PUNTO DE SAÍDA:

43.4932805, -8.1235213 (Google Maps).
Neda, 15510, A Coruña

[Aparcamento da ferverza - Google Maps](#)

PUNTO DE CHEGADA:

43.4932805, -8.1235213 (Google Maps).
Neda, 15510, A Coruña

[Aparcamento da ferverza - Google Maps](#)

TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta):

636 55 74 91



RECOMENDACIÓN: convén acudir con calzado impermeable e con bo agarre; tamén con bastóns.

DESCRICIÓN:

Ruta circular de aproximadamente 10 km polo municipio de Neda, na comarca de Ferrol, que percorre un fermoso tramo do río Belelle. Comeza no pazo de Isabel II, continúa cara ao miradoiro de Viladonelle, atravesa o monte do Couce e a aldea de Belelle, e segue o antigo canal da central hidroeléctrica ata a espectacular ferverza de Belelle para volver ao punto inicial.

PUNTOS DE INTERESE:

Pazo de Isabel II, río Belelle, ferverza de Belelle, central hidroeléctrica, miradoiro de Viladonelle, aldea de Belelle e antiga canle de auga.

CONTORNA NATURAL:

Bosque de ribeira atlántico con loureiros, abeleiras e carballos, abundante musgo nas zonas húmidas e eucaliptos na parte alta do monte. A ruta conta con varios miradoiros sobre a ferverza, tanto naturais como un miradoiro artificial de madeira que permite unha vista próxima e segura da caída de auga.

NIVEL DE DIFICULTADE: baixa.

DISTANCIA: 10 km










DURACIÓN APROXIMADA: 3 h 05 min + paradas

GRUPO MÍNIMO/MÁXIMO: 8 - 35 persoas

PERFIL:



DATOS MIDE:

<h1>MIDE</h1>	
	
Horario: 3 h 5 min	Severidade do medio natural: 2
	
Desnivel de subida: 295 m	Orientación no itinerario: 2
	
Desnivel de baixada: 295 m	Dificultade no desprazamento: 2
	
Distancia horizontal: 10 km	Cantidade de esforzo necesario: 3
	
	Tipo de percorrido: circular

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esfuerzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<small>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</small>	